

**Amigos
da Terra**

20 de Marzo DIA SEN CARNE

**OS ANIMAIS E O PLANETA
RECLAMAN HUMANIDADE**

En nome de tódolos animais que sofren, encarcerados e torturados para o consumo humano, e en nome do planeta Terra que ve como cada día as súas reservas se esgotan por unha produción intensiva, industrializada, cruel e sen sentido; pedimos un pouco de "humanidade" considerando a esta sinónimo de "solidariedade".

¿Por qué debemos diminuir o consumo desta produción indiscriminada?

I. Producir as proteínas presentes na carne require **25 veces máis enerxía** que producir a mesma cantidade en proteína de orixe vexetal.

II. 5 Kg de proteínas poden cubrir as necesidades de 70 persoas durante un día, pero si usamos estes 5 Kg en alimentar gando, soamente se conseguirá medio Kg de carne, o xusto para 2 ou 3 persoas ao día.

III. Un 80% do terreo cultivable da Terra está en mans dos gandeiros.

IV. O 60% do penso da gandería intensiva é importado dende os **países en desenvolvemento**, sabendo que no mundo máis de 800 millóns de persoas pasan fame.

V. Unha terceira parte da poboación mundial sofre **carencia de auga**; para a produción dun Kg de cereal precísanse ao redor de 2000L de auga, mentres que para producir 1 Kg de carne precísanse 5 veces máis.

VI. O 50% da **contaminación de auga** en Europa débese á crianza masiva de animais.

VII. O 90% da destrución **da selva tropical** prodúcese pola crianza masiva de animais.

VIII. A produción de leite e carne é a responsable do 85% da **erosión total do chan**.

IX. O 21% **da emisión total de CO2** que se asigna a actividade humana provén dos animais que nós mesmos/as comemos.

X. Unha cuarta parte do total de emisións de **gas metano** é debido á cría intensiva de gando.

Os **atentados contra o planeta** son innumerábeis, pero xa non é soamente iso senón que os **atentados contra a liberdade e dignidade dos animais** son levados a tal extremo na sociedade industrializada, que considera aos animais unhas simples máquinas de produción.

Os animais pertencentes ao **gando vacún** son castrados, quítanlle os cornos e márcanos sen anestesia, transpórtanos en camións de metal, soportando temperaturas extremas, sen comida e sen auga.

Os tenreiros son separados das nais uns días despois de nacer. Encérranos en pequenos caixóns onde case non se poden mover. Retíranlle a leite materna (para por a disposición do ser humano) e dánlle un substituto salgado e carente de ferro, converténdoo en seres anémicos, débiles..... “pero cunha carne tenra”.

Ás **galiñas e polos** viven apilados en gaiolas extremadamente reducidas que lle causan lesións, córtanlles o pico sen anestesia. Para sacrificarlas cólganas polas patas, pásanlle a cabeza por un recipiente de auga con electrodos, despois córtanlle a gorxa e aínda vivas son somerxidas en auga fervendo.

Os **porcos** viven en grandes grupos, apilados sobre chan de cemento case sempre a escuras.

As porcas dan a luz e viven nun espacio reducidísimo onde só poden levantarse e deitarse.

Os leitóns con 4 semanas son castrados sen anestesia e sen hixiene, sufrindo incontábeis infeccións.


Os peixes, coellos, ovellas e demais animais que son usados para o consumo humano e non certificado de produción ecolóxica, son sometidos a aberracións impensábeis, sen falar tamén da cantidade de medicamentos e pesticidas cos que son alimentados, os cales despois pasan as persoas que os inxiren.

Dende **Amigos da Terra** queremos denunciar o maltrato que sofren todo tipo de animais para o consumo, para experimentos, a contaminación que estas grandes industrias están causando ao medio ambiente e calquera actividade que lle cause dor ou deixe sen liberdade a estes seres indefensos que nos piden piedade.

PÉNSAO, LOITA POLA TÚA LIBERDADE E A DOS SERES QUE NOS RODEAN.

DI NON A PRODUCCIÓN INDUSTRIAL E DIRÁS NON AO MALTRATO ANIMAL.

LEMBRA QUE ASÍ TODOS/AS VIVIREMOS MELLOR.



**Amigos
da Terra**